

# CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN MÁSTER DE INVERNO OPEN

Tempada 2007 - 2008 - Circular 07-29

## 1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Campionato de Galicia Open de Natación Máster de Inverno celebrarase o día 10 de febreiro de 2008 en Carballo, na piscina de Bergantiños.

1.2.- O Campionato celebrarase a nivel rexional nunha xornada con dúas sesións.

1.3.- A sesión de mañá dará comezo ás 10:00 h. e as de tarde ás 17:00 h.

1.4.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

## 2.- Programa de probas

| 1ª SESIÓN                  | 2ª SESIÓN               |
|----------------------------|-------------------------|
| <b>Domingo 10:00 h.</b>    | <b>Domingo 17:00 h.</b> |
| 1.- 400 LIBRES M           | 14.- 100 BOLBORETA M    |
| 2.- 400 LIBRES F           | 15.- 100 BOLBORETA F    |
| 3.- 50 COSTAS M            | 16.- 50 LIBRES M        |
| 4.- 50 COSTAS F            | 17.- 50 LIBRES F        |
| 5.- 200 ESTILOS M          | 18.- 200 COSTAS M       |
| 6.- 200 ESTILOS F          | 19.- 200 COSTAS F       |
| 7.- 50 BOLBORETA M         | 20.- 50 BRAZA M         |
| 8.- 50 BOLBORETA F         | 21.- 50 BRAZA F         |
| 9.- 200 BRAZA M            | 22.- 100 ESTILOS M      |
| 10.- 200 BRAZA F           | 23.- 100 ESTILOS F      |
| 11.- 4X50 M. LIBRES MIXTOS | 24.- 100 LIBRES M       |
|                            | 25.- 100 LIBRES F       |
| DESCANSO DE 10 MINUTOS     | DESCANSO DE 10 MINUTOS  |
| 12.-4X50 M. LIBRES M.      | 26.- 4X50 M. ESTILOS M  |
| 13.-4X50 M. LIBRES F.      | 27.-4X50 M. ESTILOS F   |

Antes das probas de relevos farase un descanso de 10 minutos.

## 3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

|  |  |
|--|--|
| O.- de 20-24 Anos (nacidos Anos 1988-1984) | G.-de 55-59 Anos (nacidos Anos 1953-1949)  |
| A.- de 25-29 Anos (nacidos Anos 1983-1979) | H.- de 60-64 Anos (nacidos Anos 1948-1944) |
| B.- de 30-34 Anos (nacidos Anos 1978-1974) | I.- de 65-69 Anos (nacidos Anos 1943-1939) |
| C.-de 35-39 Anos (nacidos Anos 1973-1969)  | J.- de 70-74 Anos (nacidos Anos 1938-1934) |

|  |   |
|--|---|
| D.- de 40-44 Anos (nacidos Anos 1968-1964) | K.-de 75-79 Anos (nacidos Anos 1933-1929)         |
| E.- de 45-49 Anos (nacidos Anos 1963-1959) | L.-de 80-84 Anos (nacidos Ano 1928-1924)          |
| F.- de 50-54 Anos (nacidos Anos 1958-1954) | M. 85 Anos e mais (nacidos ano 1923 e anteriores) |

3.2.- Nas probas de relevos, haberá 7 categorías, establecidas en base á suma das idades dos 4 compoñentes:

|                                     |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| CAT. 1: Máis de 100 Anos (100-119). | CAT. 5: Máis de 240 Anos (240-279). |
| CAT. 2: Máis de 120 Anos (120-159)  | CAT. 6: Máis de 280 Anos (280-319). |
| CAT. 3: Máis de 160 Anos (160-199)  | CAT. 7: Máis de 320 Anos            |
| CAT. 4: Máis de 200 Anos (200-239)  |                                     |

A idade entenderase cumprida no ano 2008.

3.3.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente, non ter licenza territorial ou nacional de nadador, nin estar participando en competicións oficiais de natación por club ningún.

3.4.- Os nadadores nacionais e estranxeiros deberán estar en posesión da Licenza da súa Federación de procedencia, debendo enviar previamente fotocopia da mesma, xunto coa cota da súa inscrición.

3.5.- Cada nadador poderá participar, como máximo, en TRES (3) probas individuais e en todos os relevos.

3.6.- Non existe limitación en canto ao número de nadadores por Club e proba.

3.7.- Cada Club poderá inscribir un só equipo de relevos por categoría, e os compoñentes terán que ser diferentes e do mesmo Club.

3.8.- Na cámara de saídas poderá requirirse unha credencial na que figuren unha foto e os datos do nadador, nº de licencia y ano de nacemento, que poderá ser substituída por unha fotocopia do DNI.

#### 4.- Inscricións

4.1.- Os clubs realizarán as inscricións empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición e serán remitidas á Federación por correo electrónico ([inscripciones@fegan.org](mailto:inscripciones@fegan.org)). Xunto co devandito arquivo enviarase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou word.

4.2.- Excepcionalmente, admitiranse inscricións empregando as relacións nominais que figuran no ANEXO, debéndose cubrir todos os datos: categoría á que pertence o nadador, especificando o grupo, a idade e nº de Licenza (DNI) do participante, responsabilizándose da veracidade dos datos (nome,, apelidos e ano de nacemento). Ditas relacións remitiranse preferentemente por correo electrónico.

Enderezo da Federación Galega de Natación:

Avda. Glasgow, 13

15008 A Coruña

Teléfono 981.17.43.77 Fax: 981.29.09.00

Correo-e: [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org) web: [www.fegan.org](http://www.fegan.org)

É moi importante que na inscrición figure o **nome e medio de contacto co club** que realiza a inscrición.

4.3.- Para as probas de relevos os Clubs efectuarán as inscricións cubrindo as relacións nominais para probas de relevos, e enchendo todos os puntos requiridos: categoría, tempos de inscrición, etc. 15 minutos antes do comezo da competición deberán estar cubertas as fichas de relevos, especificando con claridade os datos requiridos: nomes dos compoñentes, nº de licenza, orde de participación, idade/ano de nacemento, suma total

de anos, categoría, etc.

4.4.- Establécese unha cota de participación de 3 euros por cada proba individual e 3 euros por cada equipo de relevos, que se poderá facer efectiva a través de talón, xiro postal, efectivo, etc., no momento de formalizar a inscrición. A devandita cota inclúe o custo da utilización da cronometraxe electrónico. Non se admitirá ningunha inscrición que non se acompañe do ingreso correspondente (non se admitirán pagamentos na propia piscina).

4.5.- As inscricións deberán obrar en poder da FEDGAN antes das 20:00 horas do día 29 de xaneiro (martes), sendo responsabilidade do Club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.6.- Poderán comunicarse as baixas ata media hora antes do comezo da competición, non se admitirán altas nin cambios.

4.7.- A entrega da documentación (series e instrucións) efectuarase a partir das 9:00 horas do mesmo día do campionato. Para retirar a documentación será necesaria a presentación da acreditación de Delegado, debidamente selada e asinada polo Club. Os Clubs que teñan ata 14 nadadores inscritos recibirán 1 xogo de serie, instrucións e 1 resultado; a partir de 15 nadadores recibirán 2 xogos de series, instrucións e 1 resultados.

## 5.- Fórmula de competición

5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categorías.

5.3.- Puntuación:

a) A puntuación nas probas individuais será 13, 10, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

b) A puntuación nas probas de relevos será 26, 20, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4 e 2.

## 6.- Clasificacións

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais os relevos.

b) Total feminina en probas individuais mais os relevos.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non houberse obtido puntuación nunha delas.

## 7.- Títulos e premios

7.1.- Entregaranse medallas aos tres primeiros clasificados en cada proba e categoría masculina e feminina.

7.2.- Situarase unha ou dúas mesas para a entrega (categoría masculina e feminina) para que, previa identificación, se poidan ir entregando as mesmas a medida que se vaian confeccionando os resultados sen parar a competición.

7.3.- Trofeos a os participantes de máis idade na categoría masculina e feminina

7.4.- Trofeos aos Clubs campións en cada unha das clasificacións indicadas na presente normativa.

A Coruña, 20 de xullo de 2007

Secretaría Xeral FEDGAN

Anexo

**IMPRESO RELACIÓN NOMINAL DE PARTICIPANTES (Probas individuais e só relevos)**

|  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
|--|-----|-------------|------------|--------------|----------|--------|--|-------|-------------|
| Club:  |     | Nº          | Federación |              |          |        | Nº   |       |             |
| Para calquera aclaración,<br>a persoa de contacto será:<br><br>_____ |     | Teléfono:   |            |              |          |        | Competición:<br><br>a celebrar en:<br><br>os días _____ de 200__ |       |             |
|  |     | Tlf. Móbil: |            |              |          |        |  |       |             |
|  |     | Fax:        |            |              |          |        |  |       |             |
|  |     | Email:      |            |              |          |        |  |       |             |
| MASCULINO ____ FEMININO ____   | Ano | Proba e Nº  |            | Mellor Tempo | 25<br>50 | E<br>M | Data   | Lugar | Tope<br>A-B |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nº Licenza   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Nome   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Apelidos   |     |             |            |              |          |        |  |       |             |
| Categoría  |     |             |            |              |          |        |  |       |             |

NON SE ADMITIRÁN RELACIÓNS RISCADAS E/OU CON CORRECCIÓNS

**Impreso relación nominal de participantes – Inscripción en probas de relevos**

|  |             |                        |    |
|--|-------------|------------------------|----|
| Club:  | Nº          | Federación             | Nº |
| Para calquera aclaración,<br>a persoa de contacto será:<br><br>_____ | Teléfono:   | Competición:           |    |
|  | Tlf. Móbil: | a celebrar en:         |    |
|  | Fax:        | os días _____ de 200__ |    |
|  | Email:      |                        |    |

**Marcas conseguidas en probas de relevos**

|                       |               |                |                |                 |                  |
|-----------------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|------------------|
| MASCULINO ____        | Nº Proba ____ | Nº Proba ____  | Nº Proba ____  | Nº Proba ____   | Nº Proba ____    |
| FEMININO ____         | 4x50 m. Libre | 4x100 m. Libre | 4x200 m. Libre | 4x50 m. Estilos | 4x100 m. Estilos |
| Mellor Tempo          |               |                |                |                 |                  |
| 25 ou 50 m.           |               |                |                |                 |                  |
| Electrónico ou Manual |               |                |                |                 |                  |
| Data                  |               |                |                |                 |                  |
| Lugar                 |               |                |                |                 |                  |
| Categoría             |               |                |                |                 |                  |

**A cubrir só en caso de "suma de tempos"**

| Nº Licenza | Nadador/a: Nome e Apellidos | Ano | Proba | Mellor Tempo | 25 | E | Data | Tempo Total |
|------------|-----------------------------|-----|-------|--------------|----|---|------|-------------|
|            |                             |     |       |              | 50 | M |      |             |

Lonxitude da piscina de competición e cronometraxe electrónica

Nº Proba: \_\_\_\_\_ 4x\_\_ m. \_\_\_\_\_ CAT \_\_\_\_\_

|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |

Nº Proba: \_\_\_\_\_ 4x\_\_ m. \_\_\_\_\_ CAT \_\_\_\_\_

|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |

Nº Proba: \_\_\_\_\_ 4x\_\_ m. \_\_\_\_\_ CAT \_\_\_\_\_

|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |

Nº Proba: \_\_\_\_\_ 4x\_\_ m. \_\_\_\_\_ CAT \_\_\_\_\_

|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |

Nº Proba: \_\_\_\_\_ 4x\_\_ m. \_\_\_\_\_ CAT \_\_\_\_\_

|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|  |  |  |  |  |  |  |  |  |

Non se admitirán relacións con riscadas e/ou con correccións